



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP A PONTE - OURENSE

2022

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....	3
1.1. A contorna	3
1.2. Descrición do centro.....	4
1.3. Niveis educativos	5
1.4. Persoal do Centro	5
2. SINAIS DE IDENTIDADE.....	5
2.1. Fins educativos do Centro	5
2.2. Lingua de aprendizaxe	6
2.3. Metodoloxía	7
2.4. Atención á diversidade	8
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	9
4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS	10
4.1. Órganos de goberno:.....	10
4.2. Órganos de coordinación docente:	10
4.3. Estrutura organizativa do alumnado	10
4.4. Titorías e Orientación	10
4.5. Comisións	11
4.6. Servizos.....	11
4.7. Asociacións	11
4.8. Criterios para o agrupamento do alumnado de Educación Infantil	11
4.9. Criterios para a elaboración das programacións didácticas.....	12
5. RELACIÓNS DO CENTRO CO CONTORNO	13
6. ANEXOS	13
6.1. Concrecións curriculares	13
6.2. Normas de organización e convivencia	13
6.3. Plan de convivencia.....	13
6.4. Proxecto lector.....	13
6.5. Plan lingüístico	13
6.6. Plan xeral de atención á diversidade	13
6.7. Plan de acción tutorial.....	13
6.8. Plan de acollida do alumnado inmigrante	13
6.9. Plan de integración das TIC.....	13
6.11. Plan Dixital	13
6.12. Proxecto Edixgal.....	13
6.13. Programa de habilidades sociais	13
6.14. Plan de autoprotección.....	13
6.15. Programación xeral anual	13
6.15. Memoria anual.....	13
7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO	13

INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo debe permitir aos diferentes membros da comunidade educativa un mellor coñecemento da realidade na que desenvolvemos o noso traballo.

Intenta definir os principios, criterios e intencións que orientarán o funcionamento do centro.

Pretende manter informados a todos os membros da comunidade educativa das peculiaridades do medio no que desenvolvemos o noso traballo, establecer os obxectivos xerais que pretendemos, partindo da análise do contexto do centro, das normas pertinentes sobre o funcionamento e dos acordos organizativos de centro.

Non é documento definitivo; máis ben un punto de partida que sirva de referente no camiño a percorrer. Por esta razón é un documento aberto e susceptible de revisión e mellora constantes, e modificarase de acordo coa realidade do centro para convertelo, deste xeito, nun instrumento eficaz que de verdade nos axude a unificar criterios.

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Datos do centro

Código: 32016327

Denominación: CEIP A PONTE

Enderezo: Rúa Xesús Pousa, 14 (Ourense)

CP: 32001

Correo electrónico: ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/ceipaponteourense/

1.1. A contorna

O CEIP da Ponte está situado na marxe norte do río Miño, no barrio ourensán denominado “A Ponte”.

Este barrio está unido á cidade mediante catro pontes sobre o río Miño : a Ponte Romana, a Ponte Nova, a Ponte Novísima e a Ponte do Milenio. Ademais conta co viaduto do tren e a pasarela peonil “O Vao”. Este barrio dispón de boas comunicacións: rutas de autobuses urbanos desde todos os puntos da cidade, a estación de autobuses e a estación de ferrocarril que une a cidade coas principais vilas e cidades de Galicia e o tren de alta velocidade .

A actividade económica de “A Ponte” desenvólvese ao redor do pequeno comercio, da construción e dos servizos, especialmente o de Correos, RENFE e un Centro de Saúde que ofrece atención primaria á poboación deste distrito. Ademais, este barrio goza da visita de parte do turismo que recibe a cidade dado que por unha banda, é paso obrigado do

percorrido da vía da Prata (Camiño de Santiago) ao seu paso por Ourense e por outra, conta con boa parte das instalacións do termalismo ourensán.

No aspecto cultural este barrio dispón, entre outros servizos, de:

- Biblioteca pública.
- Sociedade Recreativa “A Troia”.
- Asociación cultural “Vía Vella de Ponte Canedo”.
- Asociación Sociocultural “Andén I”.
- Asociación de veciños.
- Asociacións deportivas.
- Centro Cívico “A Ponte”
- Festas do Apóstolo Santiago, de carácter popular.
- Entroido popular de FREI CANEDO

A nivel educativo a poboación escolar está atendida polos seguintes centros educativos:

1.- Dous colexios de infantil e primaria:

- CEIP A Ponte.
- CEIP Prácticas.

2.- Dous institutos de Educación Secundaria:

- IES Branco Amor.
- IES 12 de Outubro.

1.2. Descrición do centro

O centro está formado por un único edificio, dividido en 4 plantas (baixa, 1º, 2º e 3º andar). Na parte dianteira atópase un pequeno patio e nun lateral a pista polideportiva para os nenos/as de 2º e 3º ciclo de Educación Primaria, a entrada de vehículos e na parte traseira o patio para os nenos/as de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.

Hai tres accesos ao centro: pola escaleira principal, o portalón do patio traseiro e o portalón de vehículos. Para acceder ao edificio hai tres portas: a principal, pola que se accede ao vestíbulo; a traseira de acceso do patio ao vestíbulo e a porta de acceso do patio pequeno ao salón de actos e ao ximnasio.

Na planta baixa está situado o comedor escolar, un ximnasio, o salón de actos, un pequeno almacén e dous baños.

No primeiro andar atópanse catro aulas de educación infantil, dous baños para os alumnos e alumnas, almacén da limpeza, tres as aulas de PT (Pedagogía Terapéutica) e AL (Audición e Linguaxe), a biblioteca, os despacho de: conserxería, secretaría, dirección e orientación; a sala de profesores e dous baños múltiples para o profesorado .

No segundo andar atópanse dúas aulas de Infantil, oito aulas de Educación Primaria e catro aseos (dous por sexo).

No terceiro andar están cinco aulas de Primaria, dúas auliñas de PT e AL, as aulas de informática e música, a sala de audiovisuais, un ximnasio, dous baños para os alumnos e alumnas e un aseo para discapacitados.

1.3. Niveis educativos

No centro escolarízase alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria. A procedencia maioritaria dos alumnos/as corresponde coa área de adscrición do centro que inclúe todas as rúas comprendidas entre a marxe dereita do río, desde a Praza Ribeiriño ata o Paseo do Tinteiro.

O centro conta coas seguintes unidades:

- Educación Infantil: 6 unidades de 3, 4 e 5 anos.
- Educación Primaria: 12 unidades

1.4. Persoal do Centro

No CEIP A Ponte desenvolven o seu labor docente un total de 34 mestres/as de Infantil e Primaria.

O persoal non docente está formado por unha auxiliar administrativa, conserxe e catro coidadoras.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1. Fins educativos do Centro

O CEIP A Ponte declárase defensor do modelo de ensinanza pública e respectuoso con todas as crenzas, defendendo un ambiente de pluralismo e intentando favorecer a maior obxectividade posible nos nenos/as co fin de que poidan elaborar os seus propios criterios para actuar cunha liberdade responsable.

Pretende fomentar unha verdadeira educación fundamentada en valores, actitudes e coñecementos:

- **Respecto:** a si mesmo, aos demais, á natureza e aos obxectos.
- **Responsabilidade:** esixencia de cumprir os compromisos e deberes.
- **Esforzo:** para superarse e corraxir erros e aprender.
- **Igualdade:** no cumprimento dos dereitos e deberes.
- **Coeducación:** o centro fomentará a convivencia sen prexuízos entre os dous sexos. Procurarase a eliminación das discriminacións contra a muller e a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller.
- **Liberdade:** liberdade ideolóxica e relixiosa e do dereito a expresar e difundir libremente pensamentos, ideas ou opinións.
- **Pluralidade:** o centro garantirá a liberdade de conciencia e de pensamento, o dereito a una información veraz e o respecto mutuo en cuanto a opinións.
- **Solidariedade:** compartindo os problemas e éxitos cos demais.
- **Tolerancia:** respecto e comprensión cara as ideas e accións alleas
- **Educación para a prevención de los conflitos,** e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida.

2.2. Lingua de aprendizaxe

A nivel lingüístico a lingua máis empregada polo alumnado é a castelá posto que esta é a lingua vehicular que acostuman a utilizar nos seus respectivos ámbitos familiares.

Os alumnos e alumnas galego falantes que se escolarizan no centro, adoitan abandonar o emprego desta lingua en breve espazo de tempo, substituíndo a lingua galega pola lingua castelá, posto que esta é a lingua vehicular utilizada maioritariamente no centro.

Na etapa de Educación Infantil empregárase a lingua materna manifestada polas familias no momento de formalizar a matrícula e na entrevista persoal dos pais/nais co titor/a.

Fomentarase o uso e capacitación do alumnado nas tres linguas que se empregan nas distintas materias: galego, castelán e inglés.

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona como pai, nai ou titor ou titora legal do alumno/a, matriculado no curso de educación infantil, responde a seguinte cuestión: Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla?

Galego

Castelán

Asinado: _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.

CUESTIONARIO PARA LAS FAMILIAS DEL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Doña como padre, madre o tutor o tutora legal del alumno/a, matriculado/a en el curso de educación infantil, responde a la siguiente cuestión:

¿Cuál es la lengua materna de su hijo o hija?

Gallego

Castellano

Firmado: _____

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informo de que los datos personales recogidos en esta solicitud, se incorporarán a un fichero, para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley, mediante un escrito dirigido a la Secretaría Xeral de esta consellería como responsable del fichero.

2.3. Metodoloxía

Basicamente os principios metodolóxicos que rexerán o centro son:

- A axeitada **selección e secuenciación dos contidos** de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.
- A **flexibilidade** en relación coas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía, como nos aspectos organizativos de espazos, tempos e agrupamento do alumnado.
- **O tratamento da diversidade** do alumnado, atendendo ás peculiaridades de cada grupo, ás características de nenos e nenas de variada procedencia e capacidade, de distinto estilo cognitivo, ritmo de aprendizaxe, etc.
- A actividade do alumnado entendida nun dobre sentido: por unha parte, como modo de que os nenos e nenas teñan unha **aprendizaxe autónoma** e se sintan protagonistas dela; por outra, como o establecemento de estratexias que permitan unha ensinanza activa onde non so se poñan en funcionamento aspectos motóricos ou manipulativos, senón tamén aspectos cognitivos.
- A incorporación das achegas dos **enfoques construtivistas** no proceso de aprendizaxe e as distintas vías para a construción persoal do coñecemento que utilizan.
- A **funcionalidade das aprendizaxes**, non so dende o punto de vista de aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén pola súa utilidade e pertinencia para levar a cabo outros novos.
- A **utilización dos diferentes recursos** (materiais manipulables, textos, medios audiovisuais e informáticos...) de modo axeitado.

- **A globalización ou a integración das áreas**, a formulación duns contidos procedementais e actitudinais comúns, a consideración das ensinanzas transversais do currículo, e a interrelación dos diferentes tipos de contidos .
- **Avaliación** sistemática de todos os procesos implicados na tarefa docente (práctica docente, relación profesor alumno, libro de texto, actividades, etc.).

2.4. Atención á diversidade

A diversidade é unha realidade social, e, por tanto, unha realidade no noso centro educativo. Articular unha adecuada resposta a esta diversidade é un dos retos fundamentais do noso sistema educativo e do noso centro.

O obxectivo desta resposta educativa é conseguir que todos os alumnos acaden o máximo desenvolvemento persoal e social (desenvolvemento integral) posible e require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precisen como aos centros nos que se escolariza.

E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado

Dende o noso modelo de escola inclusiva, todos os alumnos son aceptados, recoñecidos na súa singularidade, valorados e con posibilidades de participar na escola de acordo ás súas capacidades. Unha escola inclusiva é aquela que ofrece a todos os alumnos as oportunidades educativas e as axudas (curriculares, persoais, materiais) necesarias para o seu progreso académico e persoal.

A atención á diversidade abarca á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan as súas necesidades e características persoais. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas para adoptar para a súa atención nos centros educativos.

A avaliación inicial, nos termos regulados pola consellería con competencias en materia de educación, constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Á finalización de cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados conseguidos en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

Os servizos de Orientación deberán asesorar á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. Cando na avaliación inicial de detecte que un alumno pode presentar neae , o labor fundamental do orientador é realizar a avaliación psicopedagóxica: A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, da contorna familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións. A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, no seu caso, dos equipos de orientación específicos.

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que este centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

3. OBXECTIVOS XERAIS

- **Fomentar** o desenvolvemento da personalidade dos alumnos.
- **Estimular**, tanto entre o alumnado como entre o profesorado, a curiosidade científica e humanista, a investigación individual e en grupo e o desenvolvemento do sentido crítico, promovendo unha actitude de formación permanente e mentalidade aberta fronte ás novidades no que respecta o coñecemento da realidade.
- **Proporcionar** métodos de análise da realidade, desenvolvendo a capacidade de situarse en diversos puntos de vista e valorar as argumentacións desas perspectivas.
- **Impulsar** unha educación integral da persoa que atenda e desenvolva todas as capacidades e habilidades (no só as intelectuais) do alumnado.
- **Promover** a orientación educativa e profesional, tanto para a elección de estudos, como para futuras actividades laborais.
- **Impulsar** a integración de todos os alumnos -especialmente de aqueles que, polas súas características especiais, podan encontrar maiores dificultades ou ser menos aceptados- nos seus respectivos grupos de referencia, promovendo en todas as actividades o respecto ás persoas, ás súas opinións e crenzas.
- **Atender** a diversidade dos alumnos, pondo a atención individualizada a cada persoa por diante da fidelidade aos programas que se houberan establecido antes de coñecer ao alumnado.
- **Alentar** a adquisición de hábitos de asistencia regular e puntual ás actividades docentes, cunha actitude de traballo e participación activa.

- **Promover** hábitos de respecto ás instalacións do centro, mobiliario e material educativo.
- **Avivar** a adquisición de hábitos de lectura crítica de todo tipo de textos, axudando a separar e distinguir o que son informacións obxectivas do que corresponde a xuízos de valor.
- **Favorecer e fomentar** a participación en actividades complementarias de carácter cultural, deportivo, asociativo, recreativo..., como medio para unha mellor formación.
- **Estimular** actitudes de solidariedade mediante o coñecemento da realidade social, a participación en campañas e a contribución ás axudas para colectivos necesitados.
- **Impulsar** accións que possibiliten e favorezan a apertura do centro ao exterior, non só a realidade máis próxima da contorna ou da nosa Comunidade Autónoma, senón tamén na aceptación de alumnos e alumnas doutras comunidades.
- **Dinamizar** a relación do persoal de Administración e Servizos na vida do centro.
- **Avalar** a relación e a colaboración entre o centro e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos.

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

4.1. Órganos de goberno:

- Unipersoais: Director, xefe de estudos e secretario.
- Colexiados: O consello escolar, constituído por representantes de todos sectores que conforman a comunidade educativa do centro, e claustro de profesores.

4.2. Órganos de coordinación docente:

- Equipos de ciclo en Ed. Infantil e equipos de ciclo e docentes de Primaria
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares
- Comisión de coordinación pedagóxica composta polos mestres/as de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, coordinadores/as de ciclo, coordinador do de dinamización da lingua galega, encargado da Biblioteca, orientador/a, responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares, director e xefe de estudos.

4.3. Estrutura organizativa do alumnado

- Delegados de grupo.

4.4. Titorías e Orientación

- Departamento de orientación.
- Titorías, contando cada grupo de alumnos cun profesor titor con dedicación dunha hora semanal para atención de pais.
- Xuntas de avaliación, constituídas polos profesores do grupo.

4.5. Comisións

- Comisión económica, formada director, secretario e un representante de cada un dos sectores da comunidade educativa que constitúen o Consello Escolar.
- Comisión da Biblioteca: formada polo encargado, representante do Concello e un representante de cada un dos sectores da comunidade educativa que constitúen o Consello Escolar.
- Comisión de convivencia: formada por director, xefes de estudos, orientador, profesor responsable de coeducación, profesor responsable de mediación, profesor responsable da dinamización da convivencia e un representante de cada un dos sectores da comunidade educativa que forman parte do Consello Escolar.

4.6. Servizos

- O centro conta con servizo de comedor
- Biblioteca, que conta cun profesor encargado de coordinar a súa administración e cun grupo de profesores colaboradores.
- Conserxes.
- Secretaría-Administración, que conta con secretaria/o e unha administrativa.
- Páxina web
- Actividades extraescolares organizadas pola ANPA

4.7. Asociacións

- ANPA

A composición, funcións e as reunións dos distintos órganos axustaranse en todo momento á lexislación vixente.

4.8. Criterios para o agrupamento do alumnado de Educación Infantil

- A. Ao inicio da escolaridade no centro:
 1. Os grupos de 4º de Educación Infantil organízanse por orde alfabética.
 2. No caso de xemelgos, a familia pode elixir se se escolarizan na mesma aula ou en aulas diferentes.
 3. O alumnado repártese equitativamente, recaendo no grupo A o maior número cando son impares.
- B. Novas incorporacións noutros niveis:
 1. O alumnado novo adxudícase á aula que teña menos alumnos/as.
 2. No caso de igual número de alumnos en ambas aulas, adxudícase alternativamente empezando polo grupo A.
 3. No caso de xemelgos, a familia pode elixir se se escolarizan na mesma aula ou en aulas diferentes sempre que existan vacantes en ambos grupos.

C. Excepcións:

1. O centro resérvase o dereito a modificar a alternancia A – B en casos moi extraordinarios relacionados co reparto equilibrado das necesidades educativas especiais.

4.9. Criterios para a elaboración das programacións didácticas

Os mestres de primaria desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado compoñente do departamento.

As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- k) Medidas de atención á diversidade.
- l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- m) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

5. RELACIÓNS DO CENTRO CO CONTORNO

O centros mantén relacións co Concello de Ourense. Esta relación queda resumida e reflectida nos seguintes puntos:

- Mantemento e conservación do edificio.
- Servizos sociais
- Participación en actividades e exposicións organizadas polo Concello.

Así mesmo mantemos contacto co CEIP de Prácticas e cos Institutos de Educación Secundaria próximos, especialmente co IES 12 de Outubro ao que estamos adscritos.

6. ANEXOS

Os distintos plans e proxectos foron elaborados e aprobados polos órganos competentes e, aínda que son parte do Proxecto Educativo, figuran en documentos anexos.

6.1. Concrecións curriculares

O proxectos curriculares das distintas etapas foron elaborados, segundo a lexislación vixente, polo profesorado de cada etapa educativa que se imparte no centro.

6.2. Normas de organización e convivencia

As normas de convivencia, organización e funcionamento recóllense nos respectivos documentos: Plan de convivencia e Normas de organización e funcionamento.

6.3. Plan de convivencia

6.4. Proxecto lector

6.5. Plan lingüístico

6.6. Plan xeral de atención á diversidade

6.7. Plan de acción titorial

6.8. Plan de acollida do alumnado inmigrante

6.9. Plan de integración das TIC

6.11. Plan Dixital

6.12. Proxecto Edixgal

6.13. Programa de habilidades sociais

6.14. Plan de autoprotección

6.15. Programación xeral anual

6.15. Memoria anual

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Ao remate de cada curso escolar será avaliado polo Consello Escolar e o Claustro de acordo cos seguintes indicadores:

1. PEC é un claro reflexo da identidade do centro
2. PEC responde ás necesidades do entorno e do alumnado
3. PEC responde ás intencións educativas actuais
4. PEC é suficientemente coñecido pola comunidade educativa
5. As finalidades son compartidas
6. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica

7. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PEC
8. Coñécense as NOF?
9. Compártese o contido das NOF?
10. Coñécese o DOC e a súa composición?
11. A PXA recolle anualmente eses obxectivos para cada un dos ámbitos
12. A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior
13. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
14. É unha ferramenta de consulta e apoio
15. O Proxecto Curricular está actualizado
16. O Proxecto Curricular está contextualizado á realidade do centro
17. O documento do PEC respecta a estrutura determinada pola normativa
18. As concrecións curriculares están difundidas suficientemente e serven de referente ás programacións
19. A revisión do PCE está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para facilitar a súa adaptación.

Este documento foi presentado na reunión do Consello Escolar do día ___ de _____ de 2022.

Vto. e prace
A directora

A secretaria